

ROSA DE PERES  
MILAGROS DE XAR  
AURITA DE XAR  
CELSO FERNÁNDEZ SANMARTÍN

arroz en branco con corazós cocidos

©Rosa de Peres, Milagros de Xar, Aurita de Xar, Celso Fernández Sanmartín.  
Fotografías: Celso Fernández Sanmartín.  
Santiago de Compostela, 2009.  
D.L.: C 132-2010.

AMASTRA-N-GALLAR

xoves 25 de xuño de 2009, entre as oito da tarde e  
as once da noite con  
Aurita de Xar, do lugar de Feás, en Lalín, 87 anos  
feitos o día dos santos inocentes

funlle preguntar pola miña tataravoa, a tía Rosa  
de Vilarello, nai de Jesús de Guerra, pai de miña  
avoa Carmen dos Guerras de Feás, nai de miña  
nai María Sanmartín (por parte da casa dos do  
Rego de Prado de Bermés) Guerra

que me contara da noite de vodas da tía Rosa  
(noite da que primeiro souben pola súa filla  
Milagros de Xar  
e ela soupo por súa avoa Rosa de Peres)  
que agora levo gravada polo ouvido  
e tatuada na memoria  
en letras de molde

a tía Rosa veu de Vilarello casar para Feás  
(as mulleres daquela usaban xustillo)  
e a noite de vodas dicíalle o home  
(e aquí están as palabras exactas)

-Deitate Rosa...

-Aih Vilarello Vilarello  
Quen me dera no meu Vilarello

Aih meu Vilarello  
Meu Vilarello

De hora  
En hora

Súa tiradeira

(tiradeiras son os cordós do xustillo)

Un fillo seu (da tía Rosa) enfermou para morrer  
dábanlle unhas pataquiñas esmagadas

-Traga José traga

-Quen puidera quen puidera

Veulle gana de dar a luz

Unha veciña  
medio se escondía  
e pintábase  
con pementón  
por lle gustar  
a

Dúas veciñas  
irmás  
sachando na súa miga  
entre máis veciños  
do agro de Vales

Chegou a hora da merenda  
non tiñan  
e por non pedir  
(porque non se soubera que non tiñan  
e esta historia di que todos sabían que non tiñan  
pero elas non querían que se soubera)  
díxolle unha á outra

-Vai pola merenda

e a outra trouxo a cesta moi tapadiña  
cun pano que era como se tapaba  
chea de pedras

Tres nenos morreron  
golpeando unha bomba  
(non unha bomba das festas,  
unha bomba)  
que estaba nunha casa

e puideron ser máis  
pero porque viron chegar o coche de liña  
que chegaba do Corpus de Ourense  
e sabían que lles traían cireixas

quedaron estes tres

oiuse un griterío  
acudiu o home de Aurita  
e topou á nai de dous deles  
recollendo para o mandil os pedazos dun  
Rafael desatoulle o mandil  
e ela agradeceullo toda a vida

O pai do outro neno era Inocencio  
da nai non me dixo nin eu lle preguntei

Un home non herdou bés.

Un día traballando

o fillo pequeno

pedíalle pan

-Me cagho...!

Vaillo pedir

A teu abuelo ó cementerio

O home de Rosalía

Un home que tivera a meninxite

tantaneaba

e caía traballando

un día caeu dun carballo no Murazón  
como non viña, foron ver del  
e estaba deitado debaixo

un día caeu

no eido de Isabel

levantábase e sacudíase

-hai que ser sufridos

Para secar as maus había trapos  
as toallas eran para cando viña o capador capar

En Venezuela  
preguntoulle  
á ama  
cantos  
edificios tiña  
e contestoulle  
que a deixara pensar

A min deume a tarde-noite  
a vida ricamente regalada de palabras e feitos e  
mapas nosos  
Deume unha ducia de ovos  
que sacou dun dos tres baúis  
que trouxo de Venezuela  
que os ten no galiñeiro

e púxolle pra que comera a cadela  
arroz en branco con corazós cocidos

**Apéndice** con frases e palabras soltas, da  
conversa:

...un veterinario que curaba os cas pequenos...

...a veleta pousa do lado do aire...

...porque todos eran uns...

...non se levaban do millor...

...trataba nas galiñas, era galiñeira...

...ese durmeu fóra coma o banco do Ferrador...

...O Campadoiro...





